



RECOMENDACIONES PARA O VERÁN !

3º A E 3º B

CEIP CANOSA-RUS






E CHEGOU O FINAL DO CURSO!

Ola, nenas e nenos de 3º!

Xa chega o final deste curso! Dun curso ben raro tanto para vós como para nós. As vosas mestras estamos moi orgullosas do traballo realizado por vós durante estes tres meses. Sodes uns campións e campioas! Tamén nos gustaría agradecer de corazón ás familias de 3º A e 3º B o seu gran esforzo e dedicación para que os nosos nenos/as non perderan o ritmo.

Esta experiencia foi unha aprendizaxe en moitos aspectos e xuntos/as tivemos que tirar cara adiante. Esperamos que vós sintades que realmente isto foi así e que notásedes o noso respaldo cando vos fixo falta. GRAZAS! Oxalá no mes de setembro poidamos volver do xeito máis normal posible e poidamos desfrutar do que realmente nos gusta: estar no cole cos vosos fillos e fillas.

**MENTRES NON CHEGA ESE MOMENTO,
GUSTARÍANOS DARVOS UNHAS
RECOMENDACIÓNS DE CARA AO VERÁN,
QUE SON TOTALMENTE VOLUNTARIAS!**





- **A tarefa máis importante de cara ao verán é desfrutar moito coas vosas familias e amigos/as.**
- **Axudade na casa todo o que poidades, nas hortas, dentro, preparando un xardín, preparando a piscina... E sen protestar demasiado!**
- **Sorride ! sorrir é gratis e axuda a que os demais estean alegres tamén.**
- **Axuda aos demais sempre que teñas unha boa oportunidade para facelo. Xa verás que ben senta!**
- **Descansade polo menos de tres semanas a un mes sen facer nada do cole, pero despois recomendamos que repasedes un pouquiño!...**





- Sería bo ler todos os días un pouquiño, tanto en voz alta como lectura silenciosa.

- Practicade un pouquiño as táboas e o cálculo mental a modo de xogo. Seguro que así será máis divertido!

- escoitade toda esa música que tanto vos gusta, bailade, vede películas en familia...

- Escribide o que vos apeteza, dende cartas, postais, diarios, un libro, historiais reais ou fantásticas... todo

vale sempre que teña un sentido para vós! ...



- Levades para a casa os tres cadernos do fondo de libros que teñen actividades moi interesantes e podedes facer durante o verán. Sabemos que moitas familias queren que os seus fillos/as repasen un pouco durante as vacacións. Este cadernos non é preciso devolvelos. Podedes quedar con eles na casa. Indicámosvos as tarefas que os nenos/as poden facer sen demasiada dificultade. Hai bastantes que poden responder oralmente, se ter que escribir todo. Este traballo queda a criterio dos pais/nais. A nosa recomendación é que deben repasar un pouquiño.

Non é necesario que traiades estas tarefas de volta. Estas follas que marcamos son orientativas. Podedes facer máis ou menos. As tarefas recomendadas dos cadernos son as seguintes:

MATEMÁTICAS PONTE A PRUEBA

*25 tarefas para mejorar la competencia matemática.
(Poden facer as tarefas 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 10, 12 y 13)*

LINGUA GALEGA PONTE A PROBA

*30 tarefas para avaliar a competencia lingüística.
(Poden facer as tarefas 1,2, 3, 4, 5, 6, 7,9,10,11,12,14,15,16,18,20,21,25, 26 y 27)*

LINGUA CASTELÁ PONTE A PRUEBA

*25 tarefas para mejorar la competencia lingüística.
(Poden facer as tarefas 1,2,3,4,5,6,7,8,9,10,12,13,14,16,17,18,22,23,24 y 25)*



LEOTECA TAMÉN FAI AS SÚAS RECOMENDACIÓNS

*Leoteca tamén quere facervos unhas
recomendacións
de lectura de cara ao verán. Podédelas
atopalas picando enriba da tele!
Lembra... se queres aventura, lánzate á
lectura!*

E PARA REMATAR!

- *As tarefas feitas ata agora, durante o confinamento, agradecemosvos que as arquivedes todas por se as pedimos cando comecen as clases.*
 - *Os nosos correos electrónicos continuarán operativos por se necesitades algo ou por se os nenos/as queren escribirmos durante o verán. Estaremos encantadas de comunicarnos con vós!*
 - *Estade moi atentos/as ao longo desta semana porque aparecerá alguna sorpresiña no blog dos diminut@s máis grandes!*
- As vosas profes queremosvos moito!*
CRIS, SUSANA, SARA, ANA, ELENA, CHUS, LOLI, ELVIRA, CRIS, LUCÍA E O RESTO DE MESTRES/AS DO COLE. DESEXAMOSVOS ...

**UN FELIZ VERÁN!
VÉMONOS EN SETEMBRO!**

